

NOTAS SOBRE AS FEIRAS DE GALIZA. O CASO DA FEIRA DE SAN MARTIÑO EN FRANCOS (CALO-TEO)

Xosé Manuel González Reboredo¹

RESUMO:

Este texto trata da feiras tradicionais de Galiza dende o punto de vista etno-histórico e etnográfico. Lugares de intercambio económico, mais tamén cun claro aspecto festivo, nos últimos decenios están en decadencia a causa dos cambios producidos no antigo sistema agrario. Pero aínda sobreviven algunhas que manteñen características do pasado, do que é exemplo a de San Martiño en Francos, perto de Santiago de Compostela.

Palabras-chave: Galiza; Feira; Mercado; Gando; Froitos; Tratantes; Festa.

ABSTRACT:

This text deals with the traditional agricultural/livestock fairs of Galiza from an ethno-historic and ethnographic point of view. Places of economic activity, but also with an important festive aspect, they have been in decline for the last decades due to changes in the old agrarian system. However some of them still keep features of the past, like the fair of *San Martiño in Francos (Teo)*, near the city of *Santiago de Compostela*.

Keywords: Galiza; Fair; Market; Livestock; Fruits; Traders; Feast.

LIMIAR

O profesor Fernando Acuña Castroviejo e quen isto escribe nacemos para a investigación no curso académico 1966-67, cando eramos alumnos da Sección de Historia da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago e, xunto con Carlos García Martínez, actual director do Museo do Pobo Galego, e Xosé Carro Otero, comezamos a frecuentar o Instituto de Estudos Galegos <<Padre Sarmiento>> do CSIC, convertido deste xeito nunha especie de universidade paralela grazas ás sabias orientacións do destacado poeta, erudito, e mestre noso dende entón, Fermín Bouza-Brey.

Pouco despois, coa chegada á Universidade Compostelá do profesor Alberto Balil, un estimado especialista en Arqueoloxía Clásica, o amigo Fernando rematou por orientarse cara este tipo de estudos mentres que eu, despois duns anos de alternancia entre a Arqueoloxía pre- e proto-histórica e a Etnografía, optei por centrarme nesta última especialidade. E esa é a razón principal de que responda á amable invitación que se me fixo para participar nesta homenaxe acudindo a un tema, o das feiras, en principio alleo ás inquedanzas profesionais do profesor Acuña, aínda que a temática etnográfica non estea totalmente ausente das súas preocupacións intelectuais e de activista nos eidos da cultura

¹ Museo do Pobo Galego.

galega, como demostra o feito de ser Vicepresidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, unha institución directamente relacionada coa Etnografía.

BREVES INDICACIÓNS SOBRE ANTECEDENTES HISTÓRICOS DAS ACTUAIS FEIRAS DE GALIZA

Deixando de lado precedentes máis antigos, as características das feiras tradicionais galegas que chegaron ao século XX, e tamén a estes comezos do XXI, definíronse entre o s. XVIII e a primeira metade do XIX, momento histórico que coñeceu unha inusitada multiplicación de feiras. Segundo datos de 1788 recollidos nun escrito do Deputado Xeral do Reino en Galiza celebrábanse por estas datas un total de 43 mercados semanais, 264 feiras mensuais e 88 anuais, o que equivale para o profesor Pexerto Saavedra a un total de 5668 xornadas (Saavedra, 1993: 159; e 1994: 280). Con posterioridade continuou a súa proliferación, incrementándose entre un 25 e un 35 %, e mesmo houbo intentos de instauración de feiras na primeira metade do século XX, do que darei un exemplo frustrado en relación coa de Francos.

Esta complexa rede de feiras chamou a atención de analistas que se ocuparon do tema no mesmo século XVIII ou comezos do XIX, e ten unha xustificación en razóns de diferente orde que conxuntamente contribuíron ao seu nacemento e proliferación. En principio hai que ter en conta un factor básico, a enorme dispersión do poboamento en Galiza, xunto cun deficiente sistema de comunicacións ata hai poucos anos, o que pechaba á xente do agro en ámbitos limitados de relación económica e humana. Pero tamén influíron outros factores de orde diversa. Entre os primarios son de destacar os específicos da economía doméstica, como a mellora e incremento da cabana gandeira, especialmente nas terras do interior, ou a posibilidade de dispoñer de maior cantidade de produtos artesanais—tecidos por exemplo— para negociar nos mercados que adoitaban acompañar ás feiras de gando. Outro factor refírese aos intereses dos señores, do que é bo exemplo un crego de Cartelle (Ourense), quen creou unha feira no século XVIII para facilitar a venda do gando que tiña posto a medias, seguramente bastante numeroso (González Pérez, 1997: 334). Finalmente están os que podemos cualificar como de carácter externo, entre eles a demanda de gando mular para Castela, e de bois ou becerros para exportación xa no século XIX, a necesidade de incrementar a dispoñibilidade de numerario para pagar cargas forais e trabucos, ou a capacidade de xuntar pequenos excedentes en moeda para gastar, derivados de actividades como a sega en Castela ou os traballos nas terras vitícolas do norte de Portugal, labores estes que podían permitir, por exemplo, a adquisición dunha vaca, dunhas cantas ovellas ou duns porquiños para cebar, así como tecidos e outras mercadorías.

A feira como lugar de negocio deu lugar ao desenvolvemento dunha serie de oficios relacionados con ela. Entre eles destacaron sempre os *tratantes*, dedicados á compravenda de animais. Os especializados no gando vacún recibían nomes como o de *rifantes*, os centrados nas mulas eran os *mulateiros*, os que mercaban ovellas se chamaban *ovelleiros*, etc. , malia que estas especializacións non eran sempre tan rixidas como os nomes poden aparentar, pois o mesmo tratante cambiaba de obxectivos de compra en función do tipo de feira, da época do ano, ou a posible clientela a quen revenderlle os animais (Fidalgo Santamariña, 2001: 89 e ss.).

Son varias as descrições que coñecemos sobre a maneira de actuar destes tratantes, que sempre procuraban, como é lóxico nunha mentalidade de mercado, lograr unha compra o máis vantaxosa posible e unha venda co maior beneficio. Por non estenderme demasiado neste aspecto limitareime a reproducir un breve testemuño do ano 1912, época na que o sistema de feiras estaba en pleno auxe:

Quando el tratante interviene para la adquisición de una res, la examina, le da unos golpes con la vara, y después de preguntar el precio, ofrece. El ajuste es difícilísimo, porque el experto negociante busca el doble lucro, para sí como intermediario y para su comitente, y el labrador defiende su tipo con tesón; pequeñas diferencias de una o dos pesetas deshacen un convenio; cuando éste se perfecciona, el comprador da la señal o arras y marca con unas tijeras, ya figurando una letra, ya de otro modo más sencillo, la res; al final de la feria reúnen en lugar predeterminado todas las adquiridas y reciben los vendedores el precio (García Ramos, 1912: 92-93).

Polo menos nos últimos cen anos estes tratantes presentaron habitualmente un aspecto que os distinguía dos labregos e demais feirantes, pois levaban un amplo mandilón negro, un caxato e as tesoiras coas que lle facían a marca de propiedade aos animais que adquirían. En canto ao mercado complementario da feira, no que se comercializan produtos como ovos, queixos, manteiga, viño, tecidos, aveños de labranza, froitos diversos e outros variados produtos, tamén contaban con vendedores especializados, como as mulleres chamadas *rosquilleiras*, que ofrecen rosquillas, as *regateiras*, vendedoras de alimentos diversos, ou os *polbeiros*, que preparan sobre todo o típico prato de *polbo á feira* (Fidalgo Santamariña, 2001: 88 e ss.).

Un antropólogo que se ocupou das sociedades rurais, Teodor Shanin, sinala que as feiras e mercados forman parte do sistema campesiño de organización económica porque proporcionan un lugar onde se poden vender os excedentes da produción familiar e mercar produtos inexistentes, ou escasos, no ámbito local. Pero cumpren tamén “una serie de funciones <<no económicas>>, como centros de contacto inter-aldeano, información, vida social y esparcimiento” (Shanin, 1976: 30), é dicir, acaban tendo unha finalidade engadida semellante á que podemos atopar en romarías e outros tipos de festa.

Na nosa terra, o mesmo que noutras partes, arredor do negocio das feiras foise xuntando toda unha cohorte de pobres de pedir, xitanos, cegos que recitan romances, comerciantes ou charlatáns que ofrecen obxectos diversos, vendedores de alimentos ou de froitos, e tamén artistas ambulantes. No século XX as feiras complementáronse con bailes en salóns habilitados para este uso, e a partir dos anos 30 desa centuria fixo acto de presenza a novidade do cinematógrafo nas vilas con feira. Da mesma maneira que a festa é punto de encontro da mocidade, tamén a feira converteuse en lugar propicio para tecer amores entre mozos e mozas, segundo reflicte esta cantiga, publicada por Leandro Carré Alvarellos: *Fun á feira das Travesas; / non fun mercar nin vender; / fun pra falar cunha moza/ que me está a dar que facer* (Carré Alvarellos, 1964: 97). En definitiva, as feiras foron sempre ocasión de bo xantar e divertimento para quen desexase gozar do ocio unha vez rematado o negocio. Por iso o *tempo de feira* achégase ao *tempo de festa*, un período especial marcado pola ruptura coa monotonía cotiá, algo ben descrito polo periodista Alfredo Vicenti nun artigo que lle dedicou á feira do Foxo, en terras da Estrada, do que dou a seguinte mostra:

Ellos y ellas, todos sin excepción, vienen además con el firme propósito de pasar un buen día, regalándose con el coriáceo bacalao y el añejo pan de trigo, que al fin y al cabo valen algo más que el caldo de berzas y la arenisca brona (Vicenti, 1984[1875-79]: 86).

Moitas feiras de sona naceron asociadas a celebracións de carácter relixioso, con exemplos como a feira anual que arredor do 5 de outubro, festividade de San Froilán, santo natural de Lugo, se celebrou dende 1754 por Real Provisión de 20 de marzo dese ano (Cabana Outeiro/ Rodríguez Suárez/ Vázquez Bertomeu, 2004: 29 e ss.). Pero tamén o conxunto destes encontros contribuíu a desenvolver unha cultura festiva profana, afastada do dominio da relixión católica. Contra ese laicismo loitaron os representantes da Igrexa no século XVIII e comezos do XIX, cando o arcebispo de Santiago, Frei Rafael de Vélez, arremeteu contra as feiras mediante carta dirixida ao Capitán Xeral do Reino de Galiza. Esta presión da igrexa xerárquica logrou que, no ano 1829, se publicase unha Real Orde suprimindo as feiras en domingos e festas de gardar. Mais a prohibición foi axiña suspendida por mor das queixas dos máis diversos sectores, e as feiras seguiron a impoñer a súa lóxica ata que os cambios dos últimos decenios provocaron o seu ocaso ou transformación (Pérez Costanti, (1993[1925-27]): 85-86).

Retomando os datos tomados de P. Saavedra antes citados, podemos establecer diferenzas entre *mercado* e *feira*, caracterizándose aquel por negociar con produtos agrícolas, artesanais ou de importación, e gando miúdo, como pitas e coellos, pero non con gando equino, vacún, porcos, ovelas e cabras, a diferenza da segunda, que ten neste tipo de gandería o núcleo central da súa razón de ser.

Ademais os mercados adoitaron ser, polo menos nas cidades e vilas importantes, dunha regularidade semanal, mentres que as feiras, polo xeral con mercado asociado, son normalmente quincenais, mensuais ou anuais. As quincenais e mensuais teñen o carácter de ordinarias; pola contra as anuais son grandes concentracións de persoas atraídas polo seu carácter excepcional. Suxeitas estas últimas aos condicionantes dun medio natural e a unha cultura rural, as súas datas coinciden en liñas xerais con importantes momentos de cambio dos ciclos agrarios. Por iso as máis delas teñen lugar na primavera e no outono, é dicir, nos períodos que separan as dúas grandes épocas do ano campesiño: o verán, tempo de colleitas e de engorde do gando, e o inverno, período de menor actividade, antes do cal é bo negociar os froitos, ou os animais, da casa labrega. Dito doutra maneira, o inicio deses dous momentos é propicio para abastecerse de certos trebellos ou produtos necesarios, como sementes, froitos e aveños, ou para vender a mula ou o xato que, de quedar no inverno na casa, sería un dispendio inútil para a economía familiar. A iso habería que engadir a importancia das feiras no comezo do outono para o pago das rendas antigamente, pois os propietarios ou aforadores adoitaban aproveitar esa época para cobrar os seus dereitos. Así, sucedía, por exemplo, coa feira de San Miguel na Pobra de Navia (Navia de Suarna- Lugo), onde tamén a data, a finais de setembro, era aproveitada para mercar as varas que se usaban máis tarde para varexar os castiñeiros e facer así a colleita dos ourizos cheos de castañas xa maduras.

As feiras entraron en crise nos últimos cincuenta anos, a medida que foi esmorecendo a sociedade rural que as mantiña. Algunhas sobreviven grazas a inercias do pasado, combinadas con actualizacións como a promoción e venda de novos enxeños tecnolóxicos, ou de mercadorías de orixe industrial. Outras xurdiron *ex novo*, plenamente incorporadas a esas novas tecnoloxías agrarias ou aos actuais procesos de transformación e comercialización dos produtos do campo, do que pode ser boa mostra a *Semana Verde* de Silleda (Pontevedra). Con todo, aínda quedan varias que conservan importantes lembranzas do vello estilo, característico de Galiza e terras veciñas hai máis de medio século. Entre todas elas ocupareime hoxe dunha xa anunciada no título deste escrito, a de San Martiño en Francos (Teo-A Coruña), advertindo que toda a información etnográfica recollida por min, incluídas as ilustracións que acompañan a este texto, remite a hai dez anos, aínda que, por suposto, persiste hoxe con características semellantes ás por min observadas daquela.

LOCALIZACIÓN

O lugar de Francos, ou Rúa de Francos, está situado na parte suroeste da provincia da Coruña, case a metade de camiño entre Santiago de Compostela e Padrón. Pertence á parroquia de San Xoán de Calo e ao concello de Teo, pasando polo seu ámbito a estrada nacional 550, substituída no século XX do antigo camiño real que unía Compostela con Pontevedra. Segundo o Nomenclátor do I.G.E. tiña en 2005 un total de 281 habitantes. Entre os monumentos locais destaca unha sinxela capela dedicada ao Espírito Santo, preto da que se ergue unha curiosa cruz sobre esteo con aparencia de ser medieval, aínda que xa Castelao deixou advertido que non se trata dun cruceiro en sentido rigoroso e que pode ser unha imitación popular serodia dos cruceiros góticos (Castelao, 1949: 110 e fig. 54).

Mais a aldea e os seus arredores cobran especial relevancia o día 11 de novembro, cando tiña, e ten, lugar unha feira famosa na comarca de Compostela, con centro nunha vella carballeira. O día coincide co dedicado pola Igrexa Católica a San Martiño de Tours, un santo difundido nas terras do noroeste peninsular dende o século VI grazas a figuras como o seu homónimo San Martiño de Braga (González Reboredo, 2012: 52-53). Porén, a razón de elixir este día non parece estar en relación co citado referente relixioso, que non ten culto na localidade, senón no feito xa anunciado de coincidir, como logo reiterarei, cun momento oportuno para negociar o gando equino e algúns froitos da época.

DE NOVO ALGÚNS DATOS DO PASADO²

A feira de Francos aparece documentada moito antes de que chegase ao seu maior esplendor nos séculos XIX e XX. Concretamente os testemuños máis antigos sobre ela datan de mediados do século XVI e están en relación co cobro do imposto sobre as compravendas coñecido como alcabala. Aínda que nesa época semella ter importancia limitada, pois cada ano se vendían menos de 100 cabezas de gando – testemuño dos veciños sospeitoso de infravaloración por estar referido ao cobro de impostos–, debeu lograr unha certa notoriedade co tempo, como o demostra que acudisen a ela compradores de gando de localidades de Castela– Villacastín por exemplo– e mesmo dos reinos de Granada e Portugal (Gelabert González, 1982: 92; Dehistoria, 2015: 50-54). O evento logrou sobrevivir durante a centuria seguinte e chega ao s. XVIII. No ano 1752 aparece aludido nas respostas ao *Interrogatorio* do *Catastro del Marques de la Ensenada*, freguesía de San Simón de Cacheiras e outras, como feira a celebrar tres veces por ano, en Ramos, é dicir, ao comezo da Semana Santa, pola Pascua do Espírito Santo³, ou Pentecoste, e o día de San Martiño.

Esta tripla periodicidade anual viña dende a súa fundación e responde ao mencionado principio de lóxica campesiña, consistente en situar grandes feiras na primavera–Ramos e Pentecoste– e no outono–San Martiño–, momentos de cambio estacional importantes nunha economía agraria paleo-técnica. Por outra parte, a redacción da resposta insinúa que as dúas feiras de primavera tiñan como principal obxectivo o gando vacún, mentres que na de San Martiño estaba presente o equino sobre todo, especialización esta que medrou ao longo dos anos, pois os meses de outubro e novembro son os máis oportunos para negociar este tipo de animais⁴, o mesmo que sucedía nas feiras de San Froilán de Lugo, situada arredor do 5 de outubro (Rodríguez Vieito, 2002: 155), e As San Lucas de Mondoñedo, uns días despois da anterior (Villalba Barreira, 2001). Porén, ao longo do tempo as datas de primavera desapareceron pouco a pouco e soamente continuou a de novembro que chega aos nosos días (Dehistoria, 2015: 70)

A finais de o s. XVIII Eugenio Larruga inclúe a feira, ou feiras, de Francos entre as que se celebraban na xurisdición dos condes de Altamira, que posuían este enclave dentro dunha parroquia, San Xoán de Calo, pertencente ao arciprestado do Xiro da Rocha, en xeral señorío da Igrexa de Santiago. Por esa época o gando negociado consistía en equinos e a súa duración era de dous días. Poucos anos despois volve a ser mencionada por José Lucas Labrada, pero, segundo este analista da situación económica da Galiza do seu tempo, non era soamente de équidos, senón de “ganado caballar y vacuno” (Labrada, 1971[1804]: 92). En canto á continuidade no século XIX, está testemuñada por diversa documentación e por mencións nos *Diccionarios* de Miñano e Madoz, que a sitúan no 11 de novembro e xa non aluden ás vellas xornadas de primavera. Madoz límitase a citala e non di nada sobre a súas características (Madoz, 1846-50: entrada *Calo, San Juan*). Pero Miñano dedícalle unha liñas, nas que se destaca a especialización en gando equino e a súa exportación fóra do país galego, igual que seguiu sucedendo ata case os nosos días:

En el lugar de Francos, que pertenece a esta parroquia, se celebra el día 11 de noviembre de cada año la feria tan nombrada de San Martín, a la que concurre mucha gente de la provincia y de fuera de ella, y se vende mucho ganado mular y caballar para Castilla y Portugal (Miñano, 1826-29: entrada *Calo, San Juan*).

O feito de atoparse Francos a pouca distancia de Compostela fixo que á feira concorresen numerosos santiagueses, moitos deles por pasar un día de diversión e de delicias gastronómicas máis que

² Neste apartado utilizarei algunha información e documentos incluídos nun amplo e ben documentado *dossier* remitido polo Exmo. Concello de Teo ao Goberno Autónomo de Galiza coa finalidade de obter a declaración de Festa de Interese Turístico para a feira de Francos. Moito agradezo ao arquivista municipal, D. Pablo Sanmartín, que tivese a xentileza de facilitarme esta información, na que aparecen moitos outros datos interesantes que non menciono para non alargar moito este escrito.

³ Esa data seguramente está en relación coa capela dedicada ao Espírito Santo antes aludida, a cal existe dende o século XVI.

⁴ A información do Catastro pode consultarse en “Respuestas generales del Catastro del Marqués de la Ensenada”, dispoñible en <http://pares.mcu.es/Catastro>

por motivos estritamente comerciais. Un interesante testemuño do pasado, unha crónica publicada en *El Diario de Santiago* en 1873, indica que sucedía isto hai máis dun século. O medio de locomoción utilizado nese ano por moitos festeiros-feirantes foi o camiño de ferro, concretamente os trens especiais programados na liña Cornes-Carril, pioneira en Galiza e con estación en Osebe, moi preto do campo da feira, a cal fora inaugurada en setembro do mesmo ano e debeu espertar entre os composteláns o desexo de viaxar neste innovador medio de transporte. Considerando que a crónica desenvólvese nun estilo destinado a impresionar ao lector, pero recolle información singular sobre o evento, creo oportuno reproducir algúns parágrafos da mesma. Velaquí o seu contido⁵:

La célebre o popular feria de San Martín estuvo ayer sumamente concurrida. Los trenes extraordinarios que la empresa estableció no bastaron para transportar a dicho sitio el inmenso número de viajeros que a todas horas acudían a la estación para trasladarse al campo donde aquella se celebra, habiendo tenido que quedarse en tierra infinidad de personas por no bastar los coches que cada tren llevaba, a pesar que iban como sardina en banasta.

.....
El aspecto que presentaba el campo donde se celebra la feria de San Martín era sorprendente. Inmensas calderas de pulpo se encontraban a cada paso rodeadas de apasionados que, más que comer, devoraban plato tras plato tan suculento manjar.

Grandes cestas de ostras incitaban a los glotonos a saciar su apetito. Enormes pellejos de vino llamaban a los discípulos de Baco a saciar su ardiente sed. La popular empanada ostentaba en su interior la sabrosa ave, la delicada anguila o el apetitoso trozo de lomo. La modesta tortilla enseñaba su consabido empedrado de patatas. Por todas partes no se veían más que incitantes provisiones de boca que desaparecían como por encanto. El jarro circulaba de mano en mano, de labio en labio, y cuando esto no bastaba se apelaba a la bota para hacer mejor el vacío....

...Hoy se viene observando la misma afluencia de gente en la estación, y los primeros trenes salen llenos de viajeros. Estos pueden dividirse en tres clases: feriantes o que solo van a su negocio, devotos de San Martín o de San Pulpo, y curiosos que llevan por único objeto estudiar a la humanidad en todas sus manifestaciones.

(El Diario de Santiago, 12 de novembro de 1873).

En contraste con outras localidades galegas, nas que se celebran feiras mensuais e unha especial de carácter anual, a de San Martiño tivo lugar, como xa se dixo, soamente en tres datas do ano primeiro, e logo unicamente o 11 de novembro. Porén, as miñas pescudas no arquivo do concello de Teo no ano 2005 permitíronme atopar un abortado intento de engadir unha feira mensual xa entrado o século XX. Concretamente, na *Sesión ordinaria do consistorio* de 6-V-1923 o concelleiro D. Alejandro Torrado del Río presentou unha moción proponendo a instauración dunha con esa periodicidade. Pouco despois, noutra sesión consistorial de 3-VI-1923 acordouse, previo informe preceptivo da Comisión de Facenda e Fomento, aprobar por unanimidade a proposta, fixando a súa data no día 9, e autorizando á alcaldía a que levase a cabo as xestións oportunas para a súa difusión. O acordo ía acompañado tamén de autorización para destinar 200 pesetas do presuposto de festexos a premios, seguindo unha moda moi espallada na época e orientada a fomentar a mellora da cabana gandeira. Con todo, a decisión municipal nunca debeu executarse, pois non atopei constancia ningunha de que esta feira mensual se puxese en funcionamento, nin nas fontes documentais nin nos informes orais por min recollidos.

Nas sete primeiras décadas do século XX o desenvolvemento da feira conservou en xeral o seu aspecto e orientación tradicionais, malia incorporar algunhas novidades propias de cada momento, como o uso de vehículos a motor, altofalantes para divulgar as mercadorías e espectáculos, uso de recipientes de plástico, etc. Mediante informe oral recollido en 2005 de D. Antonio Castroagudín, natural do lugar

⁵ Agradezo a Xesús Santos Suárez a información que me subministrou en relación con esta crónica de *El Diario de Santiago* dedicada á feira de San Martiño.

de Francos e nesa data tenente de alcalde do concello de Teo, puiden saber que duraba dous días e viñan a ela tratantes de distintos lugares de España para comprar, sobre todo, mulas. Permanecían na localidade os dous días, cargando os animais adquiridos na estación de Osebe, de onde saían cada ano ata cinco vagóns con este tipo de gando. O dito polo citado informante complétase con testemuños documentais como as denominadas *Guías para la circulación de ganado*. Citarei dous exemplos do ano 1919 entre os posibles: un deles autorizando a remitir por camiño de ferro 31 mulas a Calatayud, e outro permitindo o traslado de 16 cabezas de gando equino a Játiva⁶.

Don Antonio tamén lembrou a presenza de atraccións, entre elas o teatro de *Barriga Verde*, moi famoso na época e presente en todas as grandes feiras e celebracións festivas galegas, así como os cegos que cantaban historias de crimes famosos, ou o baile que se organizaba o día 12, ao final da feira. Segundo manifestei na primeira parte deste escrito, novidades como o cinematógrafo fixeron acto de presenza nas feiras para diversión dos asistentes, e no caso de Francos é de sinalar que chegou a contar cunha sala de cine estable, chamada *Carpeni*, con aforo situado entre 280 e 300 butacas. Na documentación reunida polo Concello de Teo nos últimos anos consta o expediente de creación desa sala, construída mediante proxecto do ano 1958 debido ao arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez e promovida por Antonio García Calvo e Ramón Penide Fraga.

Unha interesante fonte de testemuños sobre como era a feira nos anos 30,40 e 50 do século XX é a transcripción dunha mesa redonda celebrada no ano 2014, na que participaron dous veteranos veciños e unha veciña do lugar. Publicada no 2015, nela se sinalan detalles como a presenza de tratantes <<castellanos>>, das polbeiras, que eran do Carballiño e traían o polbo fresco e curado, non conxelado como nos nosos días, ou o feito de que nas casas do lugar se preparaba comida para venderlle aos feirantes, destacando pratos como os callos e o polo con arroz. En xeral o lugar de Francos tiña na feira, que comprendía dende o día anterior ao 11 de novembro ata o seguinte, unha importante fonte de ingresos porque se alugaban cortes para gardar o gando, se daba aloxamento, se subministraba leña para os lumes, se vendía viño e os alimentos antes citados, etc. (Calvo/Castro/Fariña/Iglesias, 2015: 12 e ss.)

Por último, dos anos setenta do pasado século temos datos que amosan a desaparición do negocio das mulas a causa da mecanización da agricultura, pero tamén unha pequena continuidade da exportación de bestas, poldros ou burros a León e Valencia. Unha mostra disto é a información recollida polo xornal *El Correo Gallego* de 12-XI-1978, na que constan estas reveladoras cifras:

Total de exemplares de gando equino vendidos nese ano: 907.

Bestas: 333

Poldros: 312

Asnos: 262

Lugares de destino:

Valencia: 143

Palencia e León: 91

Galicia: 673

O SAN MARTIÑO DE FRANCOS NO COMEZO DO TERCEIRO MILENIO

A visita que realicei a Rúa de Francos hai dez anos permitíume facer unha valoración *in situ* da feira en tempos recentes. Tras dificultoso desprazamento dende a estrada nacional 550 a causa das obras no camiño de ferro do Eixo Atlántico, que cortaran a ponte para chegar ao lugar, puiden comprobar que o mercado se estendía por distintos puntos dos accesos á aldea. Neles asentábanse postos de carne

⁶ Estes dous documentos, xunto con algún outro das mesmas características figura fotocopiado no antes aludido *dossier* preparado polo Exmo. Concello de Teo e que me facilitou o arquivista, D. Pablo Sanmartín.

salgada e embutidos de porco, outros con prendas de vestir, e mesmo había un vendedor de turrón. Xa á altura da ermida do Espírito Santo, e carón da interesante cruz de pedra antes aludida, principiaban a abundar os postos de venda de froitos e produtos do país, como castañas, noces, mel, patacas, e algúns con oferta tamén de viño e augardente. Como dato indicativo, direi que o prezo das castañas oscilaba entre 1,5 e 3 euros o quilo, dependendo da calidade e tamaño, mentres que as noces valían a 3 euros.

Entre a capela e a parte da carballeira onde se atopaba o gando medraba a densidade de churros, postos con prendas de vestir, pan e empanadas, rosquillas, xoguetes, ou os que ofrecían fouces, sachos, asadores de castañas, etc. A diferenza do pasado, notábase a presenza de magrebíes ofrecendo alfombras e paraugas, e algúns subsaharianos con lanternas, transistores, cintos, bolsos e outros obxectos. Algo máis adiante estaba presente a maquinaria agrícola e de xardinería, e tamén alambiques ou prensas para a confección de augardente e viño. Xa chegando á zona de gando, a ambos lados do camiño de acceso, erguíanse diversos postos de arreos, selas e complementos para as cabalerías.

A breve descrición anterior permite apreciar que o día de San Martiño en Francos concentra un variado mercado de produtos tradicionais xunto con outros propios dos nosos días. Pero o máis notorio enlace co pasado segue a estar alí onde se sitúan bestas, cabalos, poldros e algún que outro burro, se ben a presenza dos modernos camións dos tratantes introducía en 2005 unha nota de actualidade no medio das centenarias árbores. Compre sinalar que a maior parte dos terreos deste espazo son de propiedade particular, pois a súa superficie é de 12000 m² e só uns 4000 son de titularidade municipal. Aínda que os particulares poden cobrar por facer uso das súas propiedades, o concello non cobra taxa algunha, sendo polo tanto, e a diferenza do pasado, unha feira franca neste aspecto.

Con respecto ao número de equinos, resulta menor que hai décadas debido á decadencia deste tipo de gando e a conseguinte baixa na comercialización. Algúns datos recollidos pola prensa indican a presenza duns 800 animais en 2005, pero un reconto aproximado que fixen sobre as 12 horas deume unha cifra bastante inferior, de algo máis de 250, sen tomar en conta, por suposto, os que a esa hora xa estaban cargados en camións ou apartados da zona de transaccións. Se tomamos en consideración a súa caste, o predominio absoluto era dos cabalos, bestas e poldros, xa que só puiden ver 8 asnos e unha única mula, en contraste coa abundancia destes últimos équidos hai décadas, cando as mulas eran moi demandadas para revendelas en Castela e os asnos aínda conservaban a súa utilidade como axuda en diversas actividades agrícolas.

En relación cos cabalos presentes, estes eran de tres tipos: algún *poney*, variedade de recente presenza entre nós, bastantes exemplares galegos <<de monte>>, vendidos para carne, os que adoptaban a clásica actitude defensiva de formar un apertado conxunto coas cabezas cara o centro e as ancas para atrás, e, por último, os cruzados de monta ou algún puro sangue. Co obxectivo de coñecer o valor, falei cun tratante, quen me dixo que os animais para carne ese ano valían entre 90 e 120 euros. Maior prezo alcanzaban os cruzados de monta, e un rapaz aseguroume que pedía polo que tiña á venda 600 euros. Algo despois puiden asistir a un regateo entre vendedor e comprador, no que o primeiro trataba de convencer ao segundo de que mercase o seu cabalo por 500 euros, prometendo levarllo a casa sen gasto algún.

Ata aquí limíteime a destacar os compoñentes que conforman o mercado e a feira de gando. Mais hai que ter en conta que toda esta mostra de produtos e animais funciona como unha escenografía na que se moveron ao longo do día unhas 15.000 persoas, procedentes da comarca e mesmo de localidades bastante afastadas, incluso da distante cidade de Vigo. Centos de vehículos particulares, e algúns transportes colectivos, ocupaban os aparcadoiros habilitados nas inmediacións do campo da feira, e tamén as estradas de acceso ao lugar. Nas entradas ao centro da carballeira, onde están instalados os postos de obxectos relacionados cos cabalos, o xentío dificultaba a media mañá a circulación polo camiño central. Calquera membro do público pode ser comprador potencial, pero tamén un curioso que acode a gozar dunha xornada extraordinaria. Moitos acaban ocupando totalmente os bancos e mesas da ducia de establecementos de polbo, situados no lado sur do arboredo, nos que se ofrece, ademais deste prato típico, outros como churrasco e carne ao caldeiro. Ao cabo, o xantar de feira, hoxe coma onte, contribúe a crear unha atmosfera festiva na que os manxares, xunto co viño, se erixen en reis da celebración.

Non faltou no ano 2005 outro compoñente tradicional de feiras e festas. Refírome a un grupo de xitanos, dous homes e unha muller, que ofrecían o seu espectáculo, consistente nunha cadeliña ensinada a facer exercicios de salto e andar en dúas patas, así como unha cabra que subía a unha escaleira de man para amosar as súas dotes de equilibrista, cun acompañamento musical executado por un dos seus tres amos, mentres outro conducía os animais e a muller recollía os donativos dos espectadores. Tampouco deixaron de estar en Francos este día outros feirantes pouco aconsellables, pero habituais neste tipo de encontros, como algúns carteiristas, ou moicanos, que intentaban aproveitar despistes para facerse cos cartos ou bens alleos.

Un feito propio dos últimos tempos é a xeneralización do uso do automóbil polos asistentes, facilidade de locomoción que provocou que as feiras, o mesmo que as romarías, reducisen a súa duración. En efecto, se antano os feirantes permanecían no lugar todo o día, ou mesmo máis dun día, agora acoden durante unhas poucas horas e logo retornan á casa ou continúan a outros lugares. E isto foi evidente en Francos no ano 2005, pois a media tarde xa se desfixera a feira, e tampouco houbo actividades vespertinas moi propias de outrora, como as sesións de cinematógrafo ou os bailes

Finalmente indicarei que, o mesmo que sucede con outros eventos deste tipo ou coas festas, a feira de San Martiño ten un recoñecemento oficial por parte do concello de Teo, quen declara cada ano esta xornada como festa local, celebrando unha comida oficial nun dos postos de polbo, con autoridades invitadas dos municipios limítrofes. Tamén axudou nos últimos decenios a mellorar as condicións do campo da feira, dotándoo de auga corrente e iluminación pública ou de camiños urbanizados con cemento, así como de seguridade mediante vixilancia da policía local. Coa finalidade de incrementar o atractivo da feira, nos últimos anos tratouse de incorporar ao evento novas actividades, por exemplo unha mostra de gando autóctono galego no ano 2014. Todo este esforzo complementouse coa iniciativa municipal de solicitar do Goberno Autónomo de Galiza a declaración deste encontro como *Festa de Interese Turístico*, proposta que inicialmente foi desestimada, pero que, reiterada de novo, está á espera de lograr un merecido éxito.

REMATE

A descrición que acabo de facer da feira de San Martiño pon en evidencia a súa dimensión non só de lugar de actividade económica, senón a súa crecente dimensión de lugar de divertimento. Reiterando o xa dito, móvese nun *continuum* que oscila entre un *tempo de feira*, relacionado co negocio, e un *tempo de festa*, de ocio, caracterizado pola implantación nun espazo determinado dun tempo especial no que os asistentes poden gozar dunha ruptura co cotián propicia para a diversión e o consumo de manxares propios dunha celebración festiva. Malia a antes citada redución do tempo de permanencia na feira e a desaparición de espectáculos de antano, os derradeiros tempos amosan que a faciana lúdica, connatural con este tipo de reunións dende as súas orixes, incrementouse a causa de dous factores de distinta orde: a decadencia evidente da actividade agraria tradicional, xunto coas súas connaturais formas de comercialización, e a xeneralización dunha economía monetaria que permite masivos desprazamentos por lecer, algo habitual na sociedade de arestora, na que o consumo non é só unha maneira de cubrir necesidades básicas, senón tamén unha actividade gratificante.

Algúns dos datos antes manexados deixan ben manifesta esta tendencia, pois a cifra de 800 animais á venda en 2005, aceptando unha cantidade moi optimista, e ademais reducida amplamente en edicións posteriores, non xustifica que pasen polo lugar miles de persoas ao longo do día. En definitiva, a asociación intensa entre lugar de feira e visitantes por consumismo festivo é unha constante *in crescendo* que non se pode evitar nin moito menos negar. Grazas a esta adaptación da súa funcionalidade a feira de San Martiño de Francos ten posibilidades de sobrevivir ao naufraxio do mundo campesiño que a veu nacer e medrar, polo menos mentres novas ameazas, entre elas a preocupante situación demográfica de Galiza, cunha poboación rural envellecida en drástico descenso xunto cunha baixísima natalidade xeral, non acaben por aniquilala sen remedio.

BIBLIOGRAFÍA

Advertencia previa: Ademais da bibliografía citada no texto, considerei oportuno facilitar algúns títulos máis que me serviron para coñecer, xunto coas miñas experiencias <<de campo>>, o mundo das feiras de Galiza, e que poden ser de utilidade a quen queira seguir aprofundando nesta temática.

- CABANA OUTEIRO, María/ RODRÍGUEZ SUÁREZ, M^a Pilar/ VÁZQUEZ BERTOMEU, Alexandra (2004), *250 anos das feiras de San Froilán*, Lugo, Ed. Exmo. Concello de Lugo.
- CALVO, María/CASTRO, Antonio/FARIÑA, José M./ IGLESIAS, Ignacio (2015), “Transcripción. San Martiño de Francos”. En *San Martiño de Francos*, Ed. Concello de Teo
- CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1964), “As feiras na Galiza”, *Revista de Etnografía*, nº 3, Porto.
- CASTELAO, Alfonso Rodríguez (1949), *As cruces de pedra na Galiza*, Buenos Aires, Ed. Nos.
- DE HISTORIA (2015), “As orixes da feira de san Martiño de Francos. Notas históricas”. En *San Martiño de Francos*, Ed. Concello de Teo
- FIDALGO SANTAMARIÑA, Xosé Antonio (2001), *Os saberes tradicionais dos galegos*, Vigo, Ed. Galaxia.
- FRAGUAS FRAGUAS, Antonio (1968), “Emplazamiento de ferias en Galicia a fines del siglo XVIII”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXIII, fasc. 70, Santiago.
- GARCÍA RAMOS, Alfredo (1912), *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega*. Madrid, Establecimiento Tipográfico de Jaime Ratés. (Hai edición facsímil recente do Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela).
- GELABERT GONZÁLEZ, Juan E. (1982), *Santiago y la tierra de Santiago de 1500 a 1640*, Sada, Ed. O Castro.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1997), “Os centros de intercambio tradicionais: feiras e mercados”. En X. M. González Reboredo (coord.): *Galicia. Antropoloxía*, Tomo XXIV, A Coruña, Hércules de Ediciones.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M. (2012), *Os santos titulares de parroquia en Galiza*, Santiago, Sotelo Blanco Edicións.
- LARRUGA, E. (1995 [1798]). *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España*. Ed. Facsímil. Vol XV, tomos XLIII, XLIV, XLV, memoria CLXXXII, Zaragoza, Gobierno de Aragón/ Institución Fernando el Católico.
- LUCAS LABRADA, José (1971[1804]), *Descripción económica del Reino de Galicia*, Vigo, Ed. Galaxia.
- MADOZ (1846-50), Pascual, *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, Establecimiento Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti, et alii.
- MIÑANO, Sebastián de (1826-28), *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*, Madrid, Imprenta Pierart-Peralta.
- PÉREZ COSTANTI, Pablo (1993[1925-1927]), “Las ferias en días festivos”. En *Notas viejas galicianas*, Ed. Xunta de Galicia.
- MIRALBÉS BEDERA, María Rosario / CASAS TORRES, José M. (1974), *Mercados periódicos de Galicia. Distribución espacial, frecuencia, rango y área de influencia*, Madrid, Departamento de Geografía de la Universidad de Santiago/ Instituto de Antropología Aplicada del CSIC.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Ángel (1967-68), “Ferias del Partido de Santiago de Compostela en 1813”, *Boletín de la Universidad Compostelana*, nº 75-76/2, Santiago.
- RODRÍGUEZ SUÁREZ, M^a Pilar/ VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes (2004), *Documentos reais das feiras de San Froilán*, Lugo, Exmo. Concello de Lugo.
- RODRÍGUEZ VIEITO, Rosina (2002), *Las fiestas y ferias de San Froilán en Lugo*, Lugo, Ed. Exma. Diputación provincial.
- SAAVEDRA, Pegerto (1993), *A Facenda real na Galicia do antigo réxime*, Ed. Xunta de Galicia.
- SAAVEDRA, Pegerto (1994), “La consolidación de las ferias como fiestas profanas en la Galicia de los siglos XVIII y XIX”. En M. Núñez Rodríguez (ed.): *El rostro y el discurso de la fiesta*, Santiago, Universidade de Compostela
- SANTOS SOLLÁ, José M.(1994), “Fiestas, ferias y mercados de Galicia”. En M. Núñez Rodríguez (ed.), *El rostro y el discurso de la fiesta*, Santiago, Universidade de Compostela.
- SHANIN, Teodor (1976), *Naturaleza y lógica de la economía campesina*, Barcelona, Ed. Anagrama.
- VICENTI, Alfredo (1984 [1875-79]), “A orillas del Ulla. IX. La feria”. En J. A.Durán, *aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*, Madrid, Ministerio de Agricultura /Xunta de Galicia.
- VILLALBA BARREIRA, Ana Aurora (2001), *As San Lucas. Feiras e festas (dende 1156)*, Lugo, Ed. Exma. Diputación provincial.
- A. YEBRA DE ARES, Antonio (1987), “La feria de Monterroso”. En *Monterroso. Pasado y Presente*, Lugo, Ed. Exma. Diputación provincial.



Fig. 1 – Vista da zona onde estaban situados en 2005 os postos de prendas de vestir e complementos.



Fig. 2 – Lugar de venda de froitos. Na dereita pode verse a curiosa cruz de pedra de Francos.



Fig. 3 – A tecnoloxía actual faise presente nos lugares onde se exhibe maquinaria agrícola.



Fig. 4 – Un posto de venda de arreos de cabalerías á entrada da carballeira.



Fig. 5 – Varios animais xa adquiridos e atados a un camión de tratantes.




Fig. 6 – Un poldro en venda, rodeado dun numeroso público.



Fig. 7 – O can amestrado dos xitanos en plena actuación.




Fig. 8 – Un posto de polbo e carne grellada.